



ACTA Nº 2020/14

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, luns 14 de setembro de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria e Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARGARITA LAMELA LOUZAN

ASISTEN:

PSOE

RUBEN VILLAR AGULLEIRO

JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

EMILIA MARIA TRILLO LOJO

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

CESAR PEREZ MARTINEZ

PP

JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA

AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO

MARIA VICTORIA AREAS POSE

IXCee

RAMON VIGO SAMBADE

MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE

Grupo Mixto

JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO

SECRETARIA:

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTORA:

ROSA MARÍA FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

A) PARTE RESOLUTIVA

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INDUSTRIA COMERCIO E TURISMO

1. **Proposta da alcaldía relativa á Adhesión do Concello de Cee ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.**

Considerando o seguinte:

*"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Industria, Comercio e Turismo o día mércores, 9 de setembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



"2. Proposta da alcaldía relativa á Adhesión do Concello de Cee ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Adhesión do Concello de Cee ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Considerando a Resolución Nº 2020/24109 de data 7 de agosto (BOP Nº 128 de 12 de agosto) na cal distribúe o Fondo de Financiamento, en relación a este Concello do seguinte xeito:

Importe a xustificar: 186.570,79 € (Acheга Deputación-80%:149.256,63€; Acheга Municipal-20%: 37.314,16€).

Resultando que o Concello en data 25 de agosto de 2020 solicitou a autorización á Xunta de Galicia para o legal exercicio da competencia no marco do artigo 7.4 da LRBRL, para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro do PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A adhesión do concello ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

SEGUNDO.- Que o Concello se compromete a complementar a achega provincial cun 20% con cargo aos orzamentos propios, de conformidade co establecido nas normas reguladoras do PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA e co límite establecido no anexo I Módulos que se han financiar.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE]

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que como xa explicou na comisión para os que non estiveron é unha subvención da Deputación Provincial da Coruña, subvencionada 149256,63 euros e ten unha achega municipal de 37314,16 euros, o motivo chamase pel reactiva e é para axudar a autónomos e micro-empresas e subvencionar polo tema do coronavirus, os beneficiarios pois son autónomos as contías son 1500 euros para un autónomo como contía máxima, si ten un traballador 2000 euros, entre 2 e 5 traballadores 2500 e entre 6 e 9 traballadores, 3000 euros. Para ter dereito teñen que verse afectados polo peche ou cuxa facturación no 2º trimestre 2020 se vira reducida o menos un 75%, que se viñan acollidos a un erte e as micro-empresas (menos de 10 persoas) e o seu volume de negocio anual o balance anual non exceda os 2.000000 de euros. Se subvencionada a compra de material antiséptico, produtos de limpeza, arrendamentos, canons, reparación e conservación por exemplo, as medidas para a protección fronte o covid como mamparas, os seguros de responsabilidade civil, seguros de accidente, auga, gas, combustible, electricidade, o Ive non é obxecto de subvención, as bases son fixadas pola Deputación e se somete a aprobación para poder axudar a autónomos e micro-empresas de Cee.

VOTACIÓN

Sométese á votación a proposta e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA.

2. Proposta da alcaldía relativa a Transferencia de Crédito PEL REACTIVA. Expediente Nº: 2020/T002/000019.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día mércores 9 de setembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a Transferencia de Crédito PEL REACTIVA. Expediente Nº: 2020/T002/000019.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA.

ASUNTO: Transferencia de Crédito PEL RECTIVA.

EXPEDIENTE Nº: 2020/T002/000019.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, tras valorar a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria relativa á subvencións en materia de comercio relativas e ante a necesidade de realizar un gasto imputable á citada partida, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:



PRIMEIRO.-Dotar a partida do crédito suficiente para sufragar a realización do gasto, mediante a correspondente modificación orzamentaria, dentro do orzamento para o 2020 (baixo a modalidade de transferencia de crédito, minorándose a partida incluída na ficha anexa) por un importe de 37.314,16€.
SEGUNDO.-Este importe se destinará a facer fronte ós gastos que ocasionará a aportación municipal ó programa da Deputación da Coruña PEL REACTIVA para reactivar o tecido comercial da provincia.
TERCEIRO.-Esta transferencia leva consigo a modificación do anexo de subvencións do Orzamento Municipal para 2020 incluíndo a aplicación orzamentaria de 433/479.00 relativa a subvencións de comercio que terá un importe de 186.570,79€ dos que 149.256,63€ proceden dunha subvención da Deputación da Coruña que debe ser obxecto de xeración de créditos e o importe resultante da transferencia que nos ocupa por importe de 37.314,16€.
CUARTO.-Por motivos de eficacia administrativa se leva a cabo a tramitación conxunta do expediente.

FICHA DE TRANSFERENCIAS PROPOSTAS

PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
DISMUNC	DISMINUC	AUMENTO	AUMENTO
320.2/227.99	37.314,16	433/479	37.314,16
TOTAL			37.314,16€

Asinado dixitalmente.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIONS

Intervén a Sra alcaldesa e di que é a partida orzamentaria correspondente dos 37000 euros para facer fronte a ditas axudas.

VOTACIÓN

Sométese á votación a proposta e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

3. Proposta da alcaldía relativa ao Suplemento de Crédito Nº 2/2020: DESTINO DO SUPERÁVIT (IFS). Expediente Nº 2020/T002/000021 .

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día mércores 9 de setembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:



"3. Proposta da alcaldía relativa ao Suplemento de Crédito Nº 2/2020: DESTINO DO SUPERÁVIT (IFS) . Expediente Nº 2020/T002/000021 .

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: SUPLEMENTO 2/2020: DESTINO DO SUPERÁVIT (IFS)

EXPEDIENTE Nº 2020/T002/000021

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a concesión de subvencións do IDAE, que se detallan, para a realización de proxectos de instalación eléctrica en distintos puntos de Cee que conleva unha aportación económica do Concello e que deben ser executadas durante a vixencia da subvención, e tendo en conta, que o orzamento do exercicio 2020 non contén créditos dispoñibles suficientes na vinculación xurídica para facer fronte a estes gastos.

"Rehabilitación energética de edificio administrativo de servicios municipales del ayuntamiento de Cee".
"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Gures y Ameixenda"
"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de A Pontella y otros".
"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Estorde Norte y Otros"
"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Toba de Arriba y otros"

Resultando que, o devandito gasto non pode demorarse a exercicios posteriores, xa que ten a súa xustificación en se trata de gastos cuxa execución debe iniciarse improrrogablemente no presente exercicio para poder acudir as liñas de subvencións do IDAE

Visto o resultado da liquidación do orzamento municipal para 2019 e determinado o cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Resultando que esta modificación orzamentaria autorizada polo RD 27/2020 de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais destinando o superávit a gastos de inversión financeiramente sostibles, polo que se incrementarían determinadas aplicacións orzamentarias.

Visto o informe emitido pola Sra Interventora Municipal en data 7 de setembro de 2020, en sentido favorable con salvedades.

A vista do exposto, **PROPOÑO** ao **PLENO** da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 2/2020-Destino Superávit- Expediente Nº 2020/T002/000021 conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.



SEGUNDO.- Consecuencia de dito Suplemento de Crédito se incrementarían as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
165/619.00	106.629,71€	"Rehabilitación energética de edificio administrativo de servicios municipales del ayuntamiento de Cee".
165/619.00	31.883,38€	"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Gures y Ameixenda"
165/619.00	31.147,81€	"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de A Pontella y otros".
165/619.00	31.932,84€	"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Estorde Norte y Otros"
165/619.00	33.754,64€	"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Toba de Arriba y otros"
TOTAL	235.348,38€	

TERCEIRO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

CUARTO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 4 abstencións dos grupos políticos IXCee, BNG e Grupo Mixto e 4 votos a favor dos grupos políticos PSOE E PP.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIONS

Intervén a Sra alcaldesa e di que a proposta do goberno sería deixar o asunto enriba da mesa dadas as novidades destes días, por un lado a derogación do RD e o feito de que segundo os medios de comunicación e me chegou dalgún deputado vaise ditar un novo RD o que me plantexa dúbida é porque así non se fai na nota de prensa co tema do gasto, cando podemos gastar os cartos, nun principio ata decembro 2021 pero non está moi claro, que sexan soamente ata decembro 2020, non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



daría tempo de facer a tramitación e por seguridade e dado que temos un pleno ordinario o 25, a proposta é deixalo enriba da mesa porque se prevé que vai o Consello de Ministros este venres, entón como realmente xa temos o pleno, simplemente deixalo enriba da mesa.

Sr Vigo: xa intervín na comisión, evidentemente non vou a insistir no que dixen naquel momento xustificando a abstención do noso grupo, pero no fondo os acontecementos posteriores corroboraron o que eu dicía, o que pasou no congreso que Vde di que non é o importante penso que é moi importante que a proposta do goberno soamente tivera o apoio do deputado de Teruel Existe, non sabemos porque, non escoite que explicara cales foron os condicionamentos que o levaron a apoiar esa proposta do goberno, o goberno está claro que tiña esa intención, os concellos non lle interesa en absoluto a proposta que se plantexaba e espero que as decisións que se tomen agora vía RD, vía Acordo ou proposta parlamentaria ou polo mecanismo legal que corresponda sexan que os concellos teñan a liberdade para poder manexar os fondos que son os seus aforros non falamos de nada extraño, estamos aproveitando leis dun momento determinado por unhas circunstancias determinadas e é probable que teñamos que tomar decisión parecidas, os órganos correspondentes porque as circunstancias que nos veñen non van ser doadas pero está claro que a día de hoxe, e pasada a situación pola que se tomaron esas decisións que nos veñen de volta que nos impiden traballar cos nosos cartos, se tome a decisión que nos entendemos correcta que é digamos se libere dalgún xeito esa capacidade e que se devolva o Concello a capacidade de poder manexar os cartos que ten para poder invertilos con limitacións ou sen elas mais ou menos sostibles xa non entro, pero si que se podan facer na súa totalidade e poder gastar cando estamos todos francamente apretados non hai ningún concello, que eu saiba, que por moi solvente que sexa non teña necesidade de utilizar eses fondos

Sra alcaldesa: o mellor non me entendeu, claro que é importancia da derogación eu referíame o tema da importancia da proposta era o tema do gasto de parte do superávit que non traíamos de todo o remanente, era parte do superávit, a importancia está que o RD que se derroga permitía ata o 2021 e agora non temos a certeza fixa de que sexa así de aí a necesidade de esperar a ver que pasa co RD o tema é o gasto porque de aquí a finais de ano non podemos facer fronte nin para cubrir ca proposta o tema das subvencións do IDAE, claro que é importante a derogación, a importancia a poñía en relación coa proposta que se traía

Sr Vigo: simplemente dicir que evidentemente claro que é así e si non fora así a nosa postura sería o voto en contra, nos coa abstención manifestamos o desacordo co tratamento político da posibilidade de utilizar eses fondos dun xeito mais ou menos libre, as posibilidades que se abren son todas e desexo que dende o goberno de España no que o seu partido participa se podan abrir para que os concellos teñamos esa liberdade.

Procédese á votación para deixar o asunto sobre a mesa e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

Ás 20:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

O alcalde, Margarita Lamela Louzán